



ANUNCIO

**En sesión plenaria celebrada o 26.06.2023 deuse conta do decreto de alcaldía número 679/2023 de data 21.06.2023 de nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local, co seguinte contido:**

*“Unha vez celebradas as Eleccións Locais do pasado 28 de maio de 2023 faise necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal, en particular, á composición da Xunta de Goberno, en exercicio da potestade de autoorganización que o artigo 4.1. a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, recoñece a esta Entidade.*

*Considerando que de conformidade co disposto polos artigos 20.1. b) e 23 da citada Lei, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas no art. 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Réxime Local de Galicia e 41.3, 43.2 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro (en adiante ROF), neste Municipio é obrigatoria a constitución da Xunta de Goberno Local por ter unha poboación de dereito superior a 5.000 habitantes.*

*En uso das atribucións que me confire a citada lexislación, por medio da presente,*

**RESOLVO:**

*PRIMEIRO:- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes Concelleiros:*

*\* Presidente: o Alcalde, Juan Carlos García Pose.*

*\* Vogais: Silvia Pose Castro.*

*Enrique Tasende Lavandeira.*

*José Castro Agrelo.*

*Clarisa Couto Castro.*

*SEGUNDO:- Establecer que as sesións ordinarias da Comisión Municipal de Goberno celebraranse na Alcaldía desta Casa Consistorial cada 15 días, os VENRES, ás 13:00 horas, comezando o venres 30 de xuño.*

*TERCEIRO:-Facultar ao señor Alcalde-Presidente para alteralas sesións da Xunta de Goberno Local que coincidan con Semana Santa, agosto e Nadal ou como consecuencia dos períodos estivais, cando con elo non se menoscabe a xestión dos asuntos municipais, así como para pospoñer ou avanzala celebración das sesións ordinarias do citado órgano, dentro da mesma semana da súa celebración, cando o día fixado para ela coincida en festivo.*

*CUARTO:- Corresponde á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente ao Alcalde no*



CONCELLO DE  
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA  
15147 - CORISTANCO - A Coruña  
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal  
www.coristanco.gal  
R. E. L. nº 01150294

exp. 2023/G010/000007

ANUNCIO

*exercicio das súas atribucións, as seguintes competencias atribuídas polo artigo 21 ao Alcalde que se delegan:*

- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*
- O acordo de adquisición de bens e dereitos, así como de alleamento do patrimonio cando corresponda á Alcaldía, cuxo importe de licitación sexa igual ou superior a 15.000,00 euros.*
- A solicitude de subvencións en aqueles supostos en que a convocatoria non as atribúa a outros órganos municipais, agás os supostos nos que se esixa a solicitude e/ou aceptación por algún órgano municipal específico, sen prexuízo de que por razóns de urxencia a Alcaldía avoque a competencia efectúe a solicitude dando conta á Xunta de Goberno Local na seguinte sesión que se celebre.*
- A concesión de subvencións, axudas e becas outorgadas polo Concello en réxime de concorrencia competitiva.*
- Resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en exercicio das atribucións delegadas pola Alcaldía.*

*QUINTO:- Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa, para o seu coñecemento e efectos."*

En Coristanco a 4 de xullo de 2023 asinado dixitalmente polo alcalde suplente, Enrique Tasende Lavandeira